MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

Boletales, *Cantharellales* e *Polyporales* na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)

por
A. Melón[1] & M. L. Castro[2]

Melón, A. & Castro, M. L. 2021. *Boletales*, *Cantharellales* e *Polyporales* na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España). *Mykes* 24: 89-99.

Resumo

Neste traballo analízanse 26 taxons pertencentes ás ordes *Boletales*, *Cantharellales* e *Polyporales* da «Senda do río Eifonso», entre os cales *Rhizopogon verii* Pacioni é nova cita para Galicia.

Palabras clave: *Boletales*, *Cantharellales*, *Polyporales*, NO. España, *Rhizopogon*.

Melón, A. & Castro, M. L. 2021. *Boletales*, *Cantharellales* and *Polyporales* in «Senda do río Eifonso» (Vigo, NW Spain). *Mykes* 24: 89-99.

Summary

This paper analyses 26 taxa belonging to orders *Boletales*, *Cantharellales* and *Polyporales* from «Senda do río Eifonso», among which *Rhizopogon verii* Pacioni is new record for Galicia.

Keywords: *Boletales*, *Cantharellales*, *Polyporales*, NW Spain, *Rhizopogon*.

Introdución

Este traballo pretende continuar coa liña de publicacións dedicada ao estudo e catalogación da micobiota da «Senda do

Laboratorio Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas-Marcosende, Universidade de Vigo, E-36310-Vigo; correo: [1]*adrian.melon.r@gmail.com*, [2]*lcastro@uvigo.es*

río Eifonso» PR-G5, iniciada cos traballos de MELÓN & CASTRO (2020, 2021), e inclúe as colecciónS recolectadas pertencentes ás ordes *Boletales*, *Cantharellales* e *Polyporales*.

O interese da área de estudo radica na presenza dunha ripisilva en aceptable grao de conservación en termos de vexetación autóctona, e un bosque mixto e plantacións con flora alóctona (MELÓN & CASTRO, 2020), o cal aporta certa variedade de micotopos nunha superficie reducida.

METODOLOXÍA

A descrición da área de estudo e a metodoloxía empregada aparecen detalladas nos anteriores traballos de MELÓN & CASTRO (2020, 2021). Todo o material foi recollido polo primeiro autor e foi deshidratado e conservado na micoteca UVIGO-Fungi da Universidade de Vigo.

Para a súa determinación empregáronse obras de carácter xeral, como MOSER (1986), JÜLICH (1989) e BREITENBACH & KRÄNZLIN (1986, 1991), entre outros. Tamen foi necesario recorrer a monografías como CORNER (1950), BERNICCHIA (2005), CALONGE (1998), entre outros, e diversos artigos que se mencionan nas observacións do catálogo de especies.

A taxonomía e a nomenclatura siguen o indicado por CANNON & KIRK (2007) e as bases de datos de INDEX FUNGORUM (2021).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Menciónanse por orde alfabética e separados por orde 26 taxons, pertencentes ás ordes *Boletales* (13), *Cantharellales* (7) e *Polyporales* (6). Para cada taxon indícase o *binomen* actual, xunto co protólogo nomenclatural, o material estudado e a distribución dos taxons (GBIF SECRETARIAT, en liña). Tamén se especifica a distribución de cada taxon en Galicia, para o cal empregouse a base de datos do Grupo Micolóxico Galego (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2020).

Orde *Boletales*

***Boletus edulis* Bull.**,*Herb. France*, 2: 60. 1782
Baixo carballos, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 501.

Amplamente xeorreferenciada no Hemisferio Norte. Moi citada tamén en toda Galicia.

***Gomphidius roseus* (Fr.) Oudem.,** *Arch. néerl. Sci. Exact. Nat.,* 2: 13. 1867
Baixo abeleiras, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 502.

Taxon xeorreferenciado principalmente en Europa, aínda que existen algunhas citas en América do Norte, Xapón e o interior de Rusia. En Galicia aparece citado nas catro provincias.

***Hygrophoropsis aurantiaca* (Wulfen) Maire**, *Empois. champ.*: 99. 1921
Baixo abeleiras, con presenza de acacias, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 505.

Xeorreferenciada no Hemisferio Norte, aparecendo tamén en Australia. Común en Galicia.

***Imleria badia* (Fr.) Vizzini**, *Index Fungorum*, 147: 1. 2014
En plantación de eucaliptos, con presenza de acacias e piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 503. Baixo abeleiras e salgueiros, con presenza de piñeiros e eucaliptos, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 504.

Xeorreferenciada principalmente en Europa e na costa leste de América do Norte. Común en Galicia.

***Neoboletus erythropus* (Pers.) C.Hahn**, *Mycologia. Bavar.*, 16: 33. 2015
Baixo carballos, 12-X-2019, A. Melón, UVIGO-Fungi 506.

Xeorreferenciada principalmente en Europa. Especie común, citada nas catro provincias galegas.

***Paxillus involutus* (Batsch) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 317. 1838
Baixo abeleiras e carballos, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 507. Baixo castiñeiro e abeleiras, con presenza próxima de piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 508.

Común en Europa e América do Norte e tamén xeorreferenciado nalgunhas localizacións en Asia e Oceanía. Moi citado nas catro provincias galegas.

***Paxillus rubicundulus* P.D.Orton**, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 29(1): 110. 1969
En noiro, baixo abeleiras, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 509.

Só xeorreferenciada en Europa. Pouco común en Galicia.

***Rheubarbariboletus armeniacus* (Quél.) Vizzini, Simonini & Gelardi *in* Vizzini**, *Index Fungorum*, 244: 1. 2015
En noiro, baixo castiñeiros, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 510.

Unicamente xeorreferenciado en Europa. Pouco frecuente en Galicia, aínda que foi recollido nas catro provincias.

***Rhizopogon verii* Pacioni**, *Bull. trimestriel Soc. Mycol. France,* 100(1): 119. 1984
En noiro, baixo piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 511.

Basidioma de ata 50 mm de diámetro, globoso, irregular, de cor amarela con tonalidades alaranxadas ou avermelladas, cuberto de cordóns micelares tamén alaranxados. Presenta grosos rizomorfos na base e a gleba, en maduro, ten tonalidade olivácea [Fig. 1].

Fig. 1. Basidioma de *Rhizopogon verii* Pacioni



Fig. 2. Basidios de *Rhizopogon verii* Pacioni

Basidios laxeniformes a filiformes, ensanchados na base ata 5 µm. Esporas de 6-8 x 2-4 µm (Q= 2-3), elipsoides, lisas, hialinas e marcadamente apiculadas. Basidiolos lixeiramente cilíndricos, de ata 20 x 6 µm [Fig. 2].

É unha especie semellante a *Rhizopogon luteolus* Fr., da que se diferenza polas coloracións a nivel macroscópico e e os seus basidios, que no caso de *R. luteolus* Fr. son cilíndricos (Baseia & Milanez, 2002; Sulzbacher *et al.,*2016).

Coñécese de varios países europeos: Alemaña, Bélxica, España, Lituania, Reino Unido e República Checa, tamén de Tunes, Brasil e Nova Zelandia. Xunto coa cita de Albizúa & Castro (2021), trátanse das primeiras mencións para Galicia.

Scleroderma cepa* Pers., Syn. meth. fung*., 1: 155. 1801
En noiro, baixo piñeiros, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 512.

Xeorreferenciada tanto para o Hemisferio norte como para o Sur, incluídas Australia e Nova Zelandia. Común en Galicia.

Scleroderma verrucosum* (Bull.) Pers., Syn. meth. fung*., 1: 154. 1801
Bosque mixto, baixo piñeiros, castiñeiros e carballos, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 513.

Frecuente en Europa occidental, con citas tamén en América

do Norte, América do Sur, Xapón, Tailandia, Australia e Nova Zelandia. Común en Galicia.

***Suillus bovinus* (L.) Roussel**, *Fl. Calvados*: 34. 1796
En noiro, baixo abeleiras e piñeiros, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 514.

Común en Europa occidental, dende a Península Ibérica ata Islandia, e citada tamén en América do Norte, Xapón e o continente austral. Amplamente citado tamén en Galicia.

***Xerocomellus chrysenteron* (Bull.) Šutara**, *Czech Mycol.*, 60(1): 49. 2008
En noiro, baixo piñeiros, castiñeiros e acacias, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 515.

Amplamente xeorreferenciada no Hemisferio Norte e tamén citado en Australia, Nova Zelandia, China e Xapón. Común en Galicia.

Orde *Cantharellales*

***Cantharellus amethysteus* (Quél.) Sacc.**,*Syll. fung*., 5: 482. 1887
En ripisilva, baixo abeleiras, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 516.

Case exclusivo de Europa. Na Península Ibérica parece ter preferencia polo norte (Requejo & Castro, 2017). Pouco citado en Galicia.

***Cantharellus cibarius* Fr.**, *Syst. mycol*., 1: 318. 1821
En bosque mixto baixo piñeiros e abeleiras, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 517.

Amplamente xeorreferenciado, aínda que de distribución difícil de precisar debido ás confusións con taxons próximos (Requejo & Castro, 2017). Común en Galicia.

***Cantharellus romagnesianus* Eyssart. & Buyck**, *Cryptog. Mycol.,* 20(2): 108. 1999
En noiro, baixo castiñeiros, 16-XI-2019, UVIGO-Fungi 518.

O espécime recollido coincide claramente coa descrición en Olariaga *et al.* (2017) [Fig. 3]. Pouco común en Europa e de distribución Ibérica con preferencias septentrionais e litorais (Requejo & Castro, 2017). En Galicia cítase en A Coruña, Lugo e Pontevedra, nesta última en numerosas ocasións.

Fig. 3. Basidiomas de *Cantharellus romagnesianus* Eyssart. & Buyck

***Clavulina coralloides* (L.) J.Schröt. *in* Cohn**, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3-1(4): 443. 1888
En noiro, entre ripisilva de abeleiras e piñeiral con presenza de carballos, 19-X-2019, UVIGO-Fungi 519.

Xeorreferenciada na meirande parte do Hemisferio Norte, tamén de Australia e Nova Zelandia. Común en Galicia.

***Clavulina rugosa* (Bull.) J.Schröt. *in* Cohn**, *Krypt. -Fl. Schlesien*, 3-1(4): 442. 1888
Sobre restos vexetais, baixo piñeiros, castiñeiros e acacias, 2-XI-2019, UVIGO-Fungi 520.

Xeorreferenciada por todo o Hemisferio Norte, tamén Nova Zelandia e Australia. Citada nas catro provincias galegas.

***Hydnum repandum* L.**, *Sp. Pl.*: 1178. 1753
En piñeiral, 23-XI-2019, UVIGO-Fungi 521.

Presente en Europa, América do Norte e Central, tamén en Xapón, Australia e Nova Zelandia. Amplamente citada en Galicia.

***Hydnum rufescens* Pers.**, *Observ. mycol*., 2: 95. 1799
En noiro, baixo carballos e castiñeiros, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 522.

Xeorreferenciada principalmente en Europa. Común en Galicia, aínda que menos referenciada que *H. repandum*.

Orde *Polyporales*

***Cerioporus mollis* (Sommerf.) Zmitr. & Kovalenko**, *Int. J. Medic. Mushr.*, 18(1): 33. 2016
Sobre cepa de acacia negra, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 523.

Citada principalmente en Europa, alcanza a zona máis setentrional ibérica, todo o continente americano, e tamén en Xapón e África, de xeito máis disperso. Referenciada nas catro provincias galegas.

***Irpex lacteus* (Fr.) Fr.**, *Elench. fung.*, 1: 142. 1828
Na póla caída dunha frondosa, posiblemente abeleira, 12-X-2019, UVIGO-Fungi 524.

Xeorreferenciada por todo o Hemisferio Norte, con algunhas citas espalladas en América Central e Sur, tamén en Australia. Citada nas catro provincias galegas, aínda que en poucas ocasións.

***Polyporus tuberaster* (Jacq. ex Pers.) Fr.**, *Syst. mycol.*, 1: 347. 1821
Sobre restos vexetais, en ripisilva, baixo abeleiras, salgueiros e algún piñeiro, 5-X-2019. Non se conserva *exsiccata*.

Especie extensamente referenciada no Hemisferio Norte. Citada nas catro provincias de Galicia.

***Skeletocutis nivea* (Jungh.) Jean Keller**, *Persoonia*, 10(3): 353. 1979
Sobre tronco de abeleira, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 525.

Taxon xeorreferenciado de xeito disperso por todo o mundo, especialmente en Europa e na costa leste de América do Norte. Pouco citada en Galicia.

***Trametes versicolor* (L.) Lloyd**, *Mycol. Writings,* 6(65): 1045. 1920
En cepa de piñeiro, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 526. Sobre póla caída de acacia, 8-XII-2019, UVIGO-Fungi 527.

Especie cosmopolita aínda que con menor presencia de citas

en África e Asia. Amplamente citada en Galicia.

***Tyromyces lacteus* (Fr.) Murrill**, *N. Amer. Fl.*, 9(1): 36. 1907
En cepa de árbore sen identificar, 5-X-2019, UVIGO-Fungi 529. Parasitando *Alnus lusitanica*, 26-X-2019, UVIGO-Fungi 528.

Exemplares sésiles de cor branca e textura aveludada, fráxil, ata de 30 mm sobresaíndo do substrato, de marxe obtusa e cun característico cheiro doce en fresco e sabor desagradable, amargo [Fig. 4].

Sistema hifal dimítico, normalmente hifas ramificadas, tabicadas. Non se conseguiron observar esporas, nin basidios, pero o resto da descrición coincide con JÜLICH (1989).

Taxon pouco común e disperso en América do Norte, Xapón, Australia e Nova Zelandia, máis común en Europa Central e Norte. As únicas mencións que se atoparon para Galicia son de PÉREZ *et al*. (1993) e de LÓPEZ-PRADA *et al*. (1995) na provincia da Coruña.

Fig. 4 Basidioma de *Tyromyces lacteus* (Fr.) Murrill

Referencias bibliográficas

Albizúa, T. & Castro, M.L. 2021. Catálogo das ordes *Leotiales* e *Pezizales* (*Ascomycota*) e *Boletales*, *Cantharellales*, *Geastrales* e *Phallales* (*Basidiomycota*) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España). *Mykes*, 24: 49-68.

Baseia, I.G. & Milanez, A.I. 2002. *Rhizopogon* (*Rhizopogonaceae*): hypogeus fungi in exotic plantations from the state of São Paulo, Brazil. *Acta Bot. Bras.*, 16(1): 55-59.

Bernicchia, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei vol. 10*. Alassio. Edizioni Candusso.

Breitenbach, J. & Kränzlin, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2: Champignons sans lames. Hétérobasidiomycètes, Aphyllophorales, Gasteromycètes*. Lucerne. Mykologia.

Breitenbach, J. & Kränzlin, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3: Bolets et champignons à lames 1ère partie. Strobilomycetaceae et Boletaceae, Paxillaceae, Gomphidiaceae, Hydrophoraceae, Tricholomataceae, Polyporaceae (lamellées)*. Lucerne. Mykologia.

Calonge, F.D. 1998. *Flora Mycologica Iberica. Vol. 3: Gasteromycetes I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Stuttgart. J.Cramer.

Cannon, P.F. & Kirk, P.M. 2007. *Fungal Families of the World*. Wallingford. CABI Publishing.

Corner, E.J.H. 1950. *A monograph of Clavaria and allied genera*. London. Oxford University Press.

GBIF Secretariat. 2021. *GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset* (en liña). Dispoñible en: *https://www. gbif. org/* [Consulta: 25-VII-2020].

Index Fungorum. 2021. *Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership* (en liña). Dispoñible en: *http://www.indexfungorum.org/Names/Names.asp* [Consulta: 25-VII-2020].

López-Prada, M.I., Castro, M.L. & Pérez Froiz, M. 1995. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 5175-5192. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 52(2): 199-200.

Jülich, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi. Vol. 2. Aphyllophorales, Heterobasidiomycetes, Gastromycetes*. Trento. Saturnia.

Melón, A. & Castro, M.L. 2020. Análise comparada da micobiota entre a ripisilva e un bosque mixto na «Senda do río Eifonso» (Vigo). *Mykes*, 23: 141-153.

MELÓN, A. & CASTRO, M.L. 2021. *Agaricales* na «Senda do río Eifonso» (Vigo). *Mykes*, 24: 69-87.

MOSER, M.M. 1986. *Guida alla determinazione dei funghi (Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales) 2. ed. riveduta e corretta*. Trento. Saturnia.

OLARIAGA, I., MORENO, G., MANJÓN, J.L., SALCEDO, I., HOFSTETTER, V., RODRÍGUEZ, D. & BUYCK, B. 2017. *Cantharellus* (*Cantharellales*, *Basidiomycota*) revisited in Europe through a multigene phylogeny. *Fungal diversity*, 83(1): 263-292.

PÉREZ FROIZ, M., CASTRO, M.L. & FREIRE, L. 1993. Familia *Polyporaceae* s.l. en los abedulares de Galicia. In: *Congreso Forestal EspanÞol Lourizaìn 1993 : Pontevedra, 14 al 18 junio de 1993. T. III*. Pontevedra. Xunta de Galicia: 403-407.

REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 1-216.

RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M. L. 2020. MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Disponible en *https://www.mykes.es/busquedas* [Consulta: 3-VII-2021]

SULZBACHER, M.A., GREBENC, T., GARCÍA, M.A., SILVA, B.D., SILVEIRA, A., ANTONIOLLI, Z.I., MARINHO, P., MÜNZENBERGER, B., TELLERIA, M.T., BASEIS, I.G. & MARTÍN, M.P. 2016. Molecular and morphological analyses confirm *Rhizopogon verii* as a widely distributed ectomycorrhizal false truffle in Europe, and its presence in South America. *Mycorrh.*, 26(5): 377-388.

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA